



## RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU96503:40

SITUACIÓN: PAULO FABIO MAXIMO, 46-2ºB - LUGO

Por resolución da xefatura territorial da consellería de Infraestruturas e Vivenda de Lugo de data 02 de xullo de 2014 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente LU96503:40, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes que cumpriese todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente, a vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento. O 23 de marzo presentou solicitude de inclusión no procedemento don/a DIEGO MOSQUERA CABADO (nº de credencial 77708). Unha vez comprobado o cumprimento por parte do interesado dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, o xefe territorial

### ACORDA

Declarar directamente adquirente a don/a DIEGO MOSQUERA CABADO (nº credencial 77708)

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta notificación, segundo o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda  
PS. Resolución de 17 de decembro de 2015  
A xefa de área provincial do IGVS  
Mª Mar Gómez Pardo

